

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

8048 *Real decreto 668/2015, do 17 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.*

O Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, precisa dunha dobre modificación para os efectos de, por un lado, ampliar o ámbito de aplicación do Rexistro Electrónico de Apoderamentos habilitándoo para que poida admitir todo tipo de apoderamentos para actuar ante a Administración xeral do Estado e os seus organismos vinculados ou dependentes e, por outro lado, permitir o certificado electrónico con garantías de seguridade para os empregados públicos ao servizo da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes, cando, por razón de competencia, utilicen información clasificada ou estean afectos á seguridade pública ou á defensa nacional.

No que á primeira modificación se refire, o Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, no seu artigo 15 crea o Rexistro Electrónico de Apoderamentos para actuar electronicamente ante a Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos dependentes ou vinculados. O número 1 do mencionado artigo limita o ámbito deste rexistro para os efectos exclusivos da actuación electrónica ante a Administración xeral do Estado. Faise necesario, así, eliminar esta limitación do rexistro e ampliar o seu ámbito a calquera actuación administrativa, independentemente da canle pola que esta se leve a cabo.

En canto á seguinte modificación, a Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, establece no seu artigo 4.4 que a utilización da sinatura electrónica nas comunicacións que afecten a información clasificada, a seguridade pública ou a defensa nacional se rexerá pola súa normativa específica. O artigo 17.3 da mesma lei dispón que os prestadores de servizos de certificación que consignen un pseudónimo no certificado electrónico por solicitude do asinante deberán constatar a súa verdadeira identidade e conservar a documentación que a acredite. Os ditos prestadores de servizos de certificación estarán obrigados a revelar a identidade dos asinantes cando o soliciten os órganos xudiciais no exercicio das funcións que teñen atribuídas e nos demais supostos previstos en que así se requira, segundo o disposto no artigo 11.2 a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Neste sentido, o artigo 13.5 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, sinala que os prestadores de servizos de certificación poderán realizar as actuacións de comprobación previstas neste artigo por si mesmos ou por medio doutras persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, e, en todo caso, o prestador de servizos de certificación será responsable. Non obstante, e de acordo co disposto no artigo 22.3 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, actualmente un prestador de servizos de certificación non pode expedir certificados de emprego público consignando unicamente un pseudónimo, que coincidiría, sen prexuízo de utilizar outros identificadores, co número de identificación profesional dos empregados públicos afectos á seguridade pública, á defensa nacional ou que utilicen información clasificada como os membros das forzas e corpos de seguridade do Estado, o persoal das Forzas Armadas ou o persoal estatutario do Centro Nacional de Intelixencia.

O cumprimento das funcións legais atribuídas a estas institucións e organismos públicos, así como a utilización, se for o caso, de información clasificada para ese cumprimento, fai necesario que nestes ámbitos a sinatura electrónica do persoal ao servizo

daquelas institucións non estea baseada nun certificado electrónico vinculado ao nome e apelidos do titular e ao seu número de documento nacional de identidade, requisitos que actualmente e sen excepción ningunha exige o citado artigo 22 Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro.

Por estas razóns, faise necesaria a modificación deste precepto engadindo un novo número que permita o uso do certificado electrónico de empregado público mediante un pseudónimo. A dita reforma compatibiliza esta facultade de expedir certificado de empregado público coas obrigacións de revelar a verdadeira identidade dos funcionarios e empregados públicos afectados no caso de ser requirida polos órganos xudiciais no exercicio das súas funcións ou a teor do previsto no artigo 11.2 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Na súa virtude, por proposta conxunta do ministro de Facenda e Administracións Públicas e do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de xullo de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.*

O Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase a denominación do artigo 15, que queda redactada como segue:

«Artigo 15. *Rexistro Electrónico de Apoderamentos para actuar ante a Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos vinculados ou dependentes.*»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 15, que queda redactado como segue:

«1. Para os efectos da actuación administrativa ante a Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos vinculados ou dependentes e sen carácter de rexistro público, créase, no seu ámbito, o Rexistro Electrónico de Apoderamentos. Nel poderanse facer constar todas as representacións que os interesados outorguen a terceiros para actuar no seu nome ante a Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos vinculados ou dependentes.»

Tres. Endácese un número 4 ao artigo 22 coa seguinte redacción:

«4. Os contidos especificados no número anterior non serán exixibles para os certificados que se utilicen naquelas actuacións que, realizadas por medios electrónicos, afecten a información clasificada, a seguridade pública ou a defensa nacional ou outras actuacións nas cales estea legalmente xustificado o anonimato para a súa realización. Nestes casos, os prestadores de servizos de certificación poderán consignar no certificado electrónico, por petición da Administración solicitante, un pseudónimo. Estes certificados denominaranse certificados electrónicos de empregado público con pseudónimo. Terán idéntico uso, capacidade e funcionalidade que o certificado electrónico de empregado público e, ao menos, o seguinte contido:

a) Descrición do tipo de certificado en que se deberá incluír a denominación “certificado electrónico de empregado público con pseudónimo”.

b) Pseudónimo do titular do certificado, consistente no seu número de identificación profesional ou noutro indicador proporcionado pola Administración correspondente.

c) Órgano ou organismo público en que presta servizos o titular do certificado.

d) Número de identificación fiscal do órgano ou organismo público en que presta os seus servizos o titular do certificado.

Os órganos xudiciais e outros órganos e persoas lexitimadas poderán solicitar que se lles revele a identidade dos asinantes con certificado electrónico de empregado público con pseudónimo nos casos previstos no artigo 11.2 da Lei orgánica 15/1993, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Nese caso, o prestador de servizos de certificación actuará de conformidade co previsto na Lei 59/2003, do 19 de decembro.»

Disposición adicional única. *Non incremento de gasto público.*

As medidas contidas neste real decreto atenderanse cos medios persoais e materiais existentes no Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e en ningún caso poderá xerar incremento de gasto público.

Disposición transitoria única. *Adecuación dos sistemas tecnolóxicos.*

Procederáse á adaptación dos sistemas tecnolóxicos existentes no momento da entrada en vigor deste real decreto, nun prazo de doce meses seguintes á dita entrada en vigor.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial habilitante.*

O presente real decreto ampárase na competencia que ao Estado atribúe o artigo 149.1.18.^a da Constitución para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de xullo de 2015.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN